

# A TRABE DE OURO

---

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO II./ ANO II./ 1991  
Abril • Maio • Xuño

---

O FUTURO DE PORTUGAL  
Vasco Gonçalves

---

¿QUE É O QUE LOUIS ALTHUSSER  
ENTENDE POR «FILOSOFÍA»?  
Alain Badiou

---

NOVE NOTAS SOBRE O FUTURO  
DA EUROPA ORIENTAL  
Carlos Taibo

---

PORUGAL E NÓS  
Pilar Vázquez Cuesta

---

PONDALIANA  
Castro Romai

---

VÍCTOR CASAS NAS PÁXINAS DE  
*A NOSA TERRA*  
Alberto Romasanta Armesto

---

O DOCUMENTALISMO SOCIAL NA FOTOGRAFÍA  
Manuel Sendón

---

ARREDOR DE DOUS ENSAIOS DE  
D. ARMANDO FERNÁNDEZ MAZAS  
Antón Capelán

---

TEXTOS ESQUECIDOS DE AMADO CARBALLO  
Xosé Ramón Pena

---

DANIEL BARATA OU A CULTURA SEMPRE  
Á ESPERA (ENTREVISTA)  
Olegario Sotelo Blanco

---

## A CONSTRUCCIÓN CULTURAL DO XÉNERO\*

---

María Xosé Agra

---

Tasso. *Desgraciadamente dis a verdade. Pero, ¿non che parece un gran pecado das mulleres que na realidade resulten tan distintas de como as imaxinabamos?*

LEOPARDI

É xa casi un tópico afirmar que as investigacións antropolóxicas ou sociolóxicas sobre as mulleres en Galicia son escasas, ocupando un lugar marginal ou secundario (algunhas referencias de pasada, un pequeno apartado) e quizais coa excepción de *<Costuras de mulleres> Campesinas, poder y vida cotidiana* (Lugo 1940-1980) de Lourdes

---

\* M. Gondar: *Mulleres de mortos. Cara a unha antropoloxía da muller galega*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991.

Méndez (*Anthropos*, 1988), non hai estudos que tomen como centro as mulleres e que aborden especificamente a construcción do feminino e do masculino. En xeral téndese a encubrir ou a negar os conflictos xenéricos e, en grande medida, contribúese a unha visión idealizada da muller galega, ancorada na tradición, detentadora dos valores eternos, en definitiva estereotipada, fóra do espacio e do tempo, formando parte dunha sociedade tradicional que semella máis un mundo idílico que real esquecendo aquilo que de vivo pode haber nesa sociedade: a súa cotidianeidade, os desequilibrios, as tensións ou conflictos e o xeito de resolvélos e superalos. Neste contexto resulta especialmente relevante o libro de Marcial Gondar. Nel ofrécesenos un exame polo miúdo dun cadre da historia presente, viva, no que as mulleres son o centro. Mais non a muller, en xeral, senón as viúvas novas da Galicia mariñeira.

Por descontado, aquí non imos atopar o recorrido tema do matriarcado ou da permisiyiade sexual. Aínda que se constata a existencia dun certo grao de autonomía das mulleres da zona costeira, ponse de manifesto que iso non leva consigo que as mulleres desta zona sexan independentes. A dependencia é máis forte cá autonomía. Ao centrar o traballo sobre as viúvas novas ten, pódese dicir, as vantaxes de presentarnos a contextualización dun universo cultural en relación con aspectos claves da vida destas mulleres que pola idade (novas), pola situación traumática que supón a morte, a perda do home, e conseguintemente por formar, en tanto que viúvas, un grupo familiar incompleto, permiten amosar ata que punto as mulleres se definen en función dos demais, ata que punto a súa identidade se constrúe dunha forma relacional, recorrendo a unha identidade allea para construír a propia. De aí as diferencias entre viúvos e viúvas, agás no pasamento. Ao mesmo tempo o estudio vai facendo ver a pervivencia das actitudes tradicionais no grupo de viúvas novas, así como os cambios que se están a producir, a nova mentalidade.

Entre os trazos más salientes deste traballo está o conseguir compaxinar doadamente o falar das protagonistas coa analítica do autor. Esta desenvolve unha periodización: o momento da morte (anunciada ou repentina), o velatorio, despois do enterro e as estratexias para superar a perda (a busca da morte, a negación da morte e a afirmación da vida). Esta periodización, destácase, é distinta á dos homes, pero tamén á das mulleres que pola idade permanecen como viúvas non chegando a acadar a fase de afirmación da vida, isto é, a enfrentarse abertamente coa posibilidade de reconstruíren a súa vida. A periodización ten en conta, igualmente, a dirección e a forma do proceso de evolución ou recuperación. No caso das viúvas novas percíbense diferencias entre as «preparadas» e as «repentinhas» que afectan xustamente á devandita evolución e non ao que atinxen aos primeiros momentos.

O percorrido vai tratando as reaccións emocionais, psicofísicas, os problemas psicolóxicos e sociais e as distintas estratexias. Nel, unha e outra vez, as mulleres aparecen como as representantes da eticidade do grupo, as fortes esixencias sociais que a sociedade tradicional impón ás mulleres, estas encarnan a función de símbolo da moralidade. Isto vese dun xeito claro no caso das viúvas para quen a vida co home non fora precisamente a normal, onde as relacións afectivas non existían ou eran moi problemáticas. Aínda neste caso, como suliña o autor, as viúvas responden ás prácticas do suicidio social (reclusión e loito). Non se trata de «aparentar» senón de restituír as normas e valores do grupo no caso fundamental do coidado da casa, posta en cuestión pola conducta

de abandono do home. A muller aparece así como símbolo da comunidade, da moralidade ultraxada. As pasaxes da obra fan unha referencia constante ao conxunto de normas e valores da comunidade, ao peso que teñen na sociedade tradicional e a carga que supón para as mulleres. O trato desequilibrado fai recaer sobre elas o encargo do cumprimento real das normas. A función de símbolo da moralidade non se reduce exclusivamente ó campo do sexual senón que abrangue ás normas da comunidade. Todos, homes e mulleres, estarán alerta ante calquera desliz ou transgresión, o control do «que dirán» móstrase como o sistema máis efectivo, fronte á formalidade da legalidade.

En relación coa morte, as mulleres son a memoria, a elas corresponde o recordarlle a morte á comunidade. O loito ten, precisamente, unha dimensión social. Non é só unha expresión dun sentimento persoal. A reclusión da muller e o loito, o «morrer socialmente» lémbralle á comunidade a morte e, como indica L. Méndez, «esta morte pasa simbolicamente a través do corpo das mulleres, en canto grupo. A uniformidade do negro borra o carácter sexual do corpo feminino». Marcial Gondar ben é certo que non oculta o trato desequilibrado que sofren as mulleres respecto dos homes. Contrastan as fortes esixencias sociais das mulleres coas dos homes quen, agás no caso de faltar á palabra dada e no de roubo, disfrutan dunha maior autonomía e permisividade. Igualmente analiza as estratexias innovadoras das viúvas novas (saír de novo, buscar traballo, un novo matrimonio). Insiste, na conclusión, en que a permanencia non é incompatible co cambio, más ben preséntase como condición de posibilidade. A súa análise das viúvas novas da Galicia mariñeira así o pon de manifesto, supón unha forma integrada de cambio e permanencia ante o trauma da morte. Esta é unha vantaxe da sociedade tradicional fronte ás sociedades modernizadas.

Agora ben, nese xogo de cambio e permanencia, no que atinxe ás mulleres, é máis difícil de calibrar ata que punto é posible un cambio, que «non se crebe a unión co seo materno do pasado», dada a carga e a dureza que soportan a nivel social. A crítica ao individualismo das sociedades modernizadas, ao individuo abstracto e descontextualizado leva a valorar positivamente á comunidade e á tradición, á necesidade de partir dun «eu social» cando nos referimos ás sociedades modernizadas. Mais o feminismo non deixa constatar un certo perigo das posicións actuais que se derivan de aí. O autor acertadamente suliña que a permanencia, coma impulso de quedarse igual ca antes, implica intolerancia. A cuestión é, pois, como facer que a permanencia necesaria para que o cambio non xere uns custos excesivos non recaia de novo sobre as mulleres, xa como dadoras de vida, xa como memoria da comunidade.

Por último, débese salientar que *Mulleres de mortos* constitúe unha gran aportación á construción do feminino na cultura galega. E, coincidindo co expresado por Nieves Herrero no prólogo deste libro, sería máis doado presentalo como un estudo máis propio da construcción cultural do xénero que da «antropoloxía da muller galega». Resta finalmente engadir que a lectura deste novo libro de Marcial Gondar, como documento da historia viva cos impresionantes relatos das mulleres, ten a virtude de non deixar á marxe aos lectores.